

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada. Envíase a través de correo electrónico a tódolos membros do CEMV o 18/12/2019 e apróbase por unanimidade

Data	24/10/2019		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:03h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidente: Gorca Gómez Díaz • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario: Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> •Purificación Bernárdez Álvarez •Cristina López Lobariñas •Santiago Rodríguez Sánchez •Pilar Domínguez Requejo •Rafael Lestón Vázquez - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> •Mª Jesús Granja Pereira •Mª Bertila Fernández Pérez •Yolanda González Larrañaga •Luisa Rivas García - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> •Pilar Álvarez Rey •José Manuel Rodríguez Lago •Antonio Vázquez Vázquez •Isabel López Lorenzo 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> •Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez • Sector docente: Daniel garcía Reigosa •Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado • Sector docente: Anxos Collazo Trigo •Sector docente: Telesforo Currás Abal •Sector docente: Agostiño Nieto •Sector usuarios: Miguel Álvarez Parada •Sector usuarios Fernando Vázquez González •Sector social: Luis Vilán Crespo 		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector usuarios: Non hai representantes do alumnado •Sector social: Non hai representante de central sindical de ámbito non educativo 		

	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: José Álvarez Carpintero •Sector social: Óscar Álvarez Gallego •Sector social: Non hai representante de ensinanzas artísticas
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe memoria anual da actividade do CEMV.
- 3.- Informe da Presidencia do CEMV
- 4.- Propostas de mocións.
 - Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación e construción do IES Navia.
 - Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a accesibilidade aos centros educativos CEIP Carrasqueira e IES Coruxo.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as instalacións do comedor do CEIP Balaídos
 - Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre os recortes no ensino público e as ratios nos centros educativos.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a proliferación de casas de apostas.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade dun coidador/a no CEIP Carrasqueira.
 - Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre elección da asignatura de relixión católica en Bacharelato.
- 5.-Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

O Secretario comeza a sesión plenaria presentando e dándolle a benvida ao novo Presidente do órgano, Gorka Gómez Díaz, Concelleiro de Educación do Concello de Vigo. Asemade explica que debido a que houbo en maio un proceso electoral municipal, decidiuse esperar a ter novo Presidente para agora, unha vez feito este Pleno, comezar as tarefas de renovación do órgano colexiado. Polo tanto esta será a última sesión plenaria coa actual composición. Explica que a acta que emane desta sesión se enviará por correo electrónico para que se dea o visto bo ou se fagan as correccións que se consideren oportunas, e dar por aprobada a acta para que na seguinte sesión coa nova composición, os novos membros non teñan que aprobar unha acta dun Pleno no que é probable que non interviñeran.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

O Secretario informa dun erro que se cometeu desde a asistencia técnica de xeito involuntario. A data de celebración está cambiada, onde debería dicir 14/03/2019 aparece 22/11/2018. Corrixido este erro procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 14 de marzo de 2019

2.- Informe memoria anual da actividade do CEMV.

O Secretario comenta que se trata dun informe no que se dá conta do cumprimento do réxime de xuntanzas e no que se recollen as estatísticas sobre a participación dos membros do CEMV, o resumo dos temas abordados en cada xuntanza e o resumo dos acordos que se toman en sesión plenaria.

Acordo

Acórdase aprobar a memoria anual da actividade do CEMV

3.- Informe da Presidencia do CEMV

O Presidente dá as grazas a todos e todas por asistir e manifesta o seu agrado por poder pertencer a este órgano colexiado e estar así máis en contacto con toda a comunidade

educativa de Vigo. Di que sendo o seu primeiro informe, quere facer un balance do que se están facendo en Educación no Concello, pero antes vai dar conta dun cambio nos representantes do CEMV. Así, informa de que as representantes no sector docente da UXT, Eudosia Deza Souto e M.^a Teresa Freijido Román, causan baixa e son substituídas por Telesforo Currás Abal e Pilar Domínguez Requejo.

O Presidente informa de que Pleno Municipal en breve procederá a aprobar inicialmente o maior orzamento xeral do Concello, para exercicio económico do ano 2020, por un importe global de 267,7 millóns, dez millóns máis con respecto ao do pasado ano. Trátase do décimo terceiro orzamento aprobado de xeito consecutivo o que dá mostra da estabilidade política que hai no Concello e iso asegura que se poida seguir traballando pola educación cos diferentes programas, coas obras nos centros educativos,... O Concelleiro pasa analizar algunhas das partidas máis salientables deste orzamento.

En políticas sociais Gorka salienta os 750.000€ destinados á cubrición de pistas polideportivas de centros educativos, cousa que, lembra, é competencia da Administración Autonómica pero que como esta non o está a facer a asume o Concello. Lembra que o Concello xa cubriu 4 patios, que hai outro xa adxudicado e 2 máis en fase de tramitación. Ademais destes, neste momento hai 15 centros que fixeron solicitude en lista de agarda. Di que están pensando en levar ao Pleno municipal outra vez, porque xa se levou varias veces, unha petición para que a Xunta asuma estas obras, xa que son competencia desa Administración. Di que isto é un de tantos exemplos do que fai a Xunta con Vigo. De cara a 2020 a Xunta investirá 36 millóns nunha cidade que ten o 11,5% da poboación galega e so recibe o 2,1% de investimento do conxunto de Galicia, polo que debería corresponder preto de 160 millóns e deixáronse de investir en Vigo durante 11 anos 1738 millóns. Explica que en política social tamén se destinarán 900.000€ para a creación de espazos biosaudables en parques infantís, 300.000€ para instalacións de centros educativos e 250.000€ para equipamento de pavillóns deportivos.

En educación, continúa, prevese unha dotación económica sobre os 14 millóns, dos cales as bolsas de inglés soben un 1% o que supón 2 millóns de euros para atender a posible demanda daqueles solicitantes que cumpren os requisitos da convocatoria. En canto á limpeza nos colexios destinaranse 3 millóns de euros, á reparación e mantemento de colexios 500.000€, ao subministro eléctrico dos centros educativos 545.000 € e ao convenio con Foanpas para bolsas de comedor 605.000€.

Pasa agora analizar as obras feitas este ano, ata o 21 de outubro de 2019. O que se leva gastado son 236.723€. Destacan as inversións feitas no Ceip Sárdoma Lope de Vega, 37.000€, na EEI Cristo da Victoria, 30.000€, no CEIP Valadares Igrexa, 25.000€ e no CEIP Illas Cíes, 26000€. Ademais destas, explica que tamén hai obras executadas co cargo ao programa Vigo Emprega, que supoñen uns 118.000€.

O Presidente continúa informando de que na Xunta de Goberno Local do 10 de setembro se aprobou a cobertura de 19 porteiros-vixiantes, que era algo que estaba pendente. Di que na semana a seguir se aprobarán as Bases reguladoras e convocatoria específica das bolsas para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2020. Para estas destinaranse 175.000€ o que supón 100 bolsas.

En canto aos programas municipais explica que se segue a desenvolver “Visita o Teu Concello” que polo de agora xa ten reservadas unhas 40 visitas e polo que pasarán uns 1750 alumnos e alumnas. de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º da ESO cun investimento económico de 15.000€. Tamén se desenvolverá o programa educativo municipal “O Nautilus e o tesouro das Illas Cíes 2019” polo que pasarán preto de 1000 escolares de 5º e 6º de primaria, polos espazos do barrio histórico relacionados coa Batalla de Rande, a historia das Illas Cíes e as visitas de Jules Verne e do submarino Nautilus á Ría de Vigo. Continúa o Programa Municipal “Música coa Escola e os Concertos didácticos da EMMV “Música e natureza” e os Concertos didácticos da E-TRAD “Ríasóns”

Sobre as escolas infantís municipais informa de que no último Pleno Municipal levou unha moción instando á Xunta de Galicia a investir en equipamentos de 0 a 3 anos na cidade, xa que hai moita demanda e a inversión que está facendo o Concello neste aspecto é moi alta e a da Xunta é escasa. Nos últimos 10 anos a Xunta fixo 1 escola mentres que o Concello fixo 4. Neste momento, estanse a ofertar 620 prazas nas EI Municipais, e quedan sobre 204 prazas vacantes en quenda de tarde. Di que onde hai máis necesidade claramente é na quenda de mañá e explica que nesa quenda si que hai nenos e nenas en lista de agarda. No ano 2020 está previsto que se poña en funcionamento en Bembrive, con 82 prazas, unha Escola Infantil Municipal construída pola Fundación Amancio Ortega e que será xestionada polo Concello de Vigo.

No referente aos datos de matrícula do curso 2018-2019 da Aula UNED-VIGO, o Concelleiro explica que no Curso de acceso hai 93 estudantes matriculados e no de grao 916 estudantes. Son un total de 1.009 estudantes dos cales o 57% son mulleres, dato que é de salientar.

Con respecto á Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) explica que hai unha previsión de 236.000€ para o ano 2020, con preto de 606 alumnos matriculados. Neste espazo impártense diferentes especialidades entre as que cómpre destacar as seguintes: pintura, debuxo artístico, talla e escultura en madeira, ourivaría, artesanía en coiro, deseño e encaixe de palillos, moda e confección, construción artesanal de instrumentos musicais, cerámica artística, encadernación e serigrafía artística.

O Presidente, para rematar, explica que se vai variar o xeito de tramitar as bolsas de benestar social do comedor, que agora están pendentes de aprobación e se espera que sexa inmediata. Di que a Concelleira de Benestar ten o compromiso de que a partir do curso que vén se poidan resolver incluso antes das vacacións de verán. Di que é un tema complexo porque se pide a declaración da RENDA pero que se vai facer o posible por que se tramiten antes. Comenta que eles son conscientes de que a estas alturas do curso o de non saber se lle van conceder a unha familia a bolsa ou non, non debería suceder, pero tamén queren transmitirles ás familias que se foron bolseiros o ano anterior, e as súas circunstancias non mudaron, o normal que volvan a ser bolseiros. Bertila explica que tiveron precisamente unha xuntanza sobre este tema en benestar social, e que esta é sen dúbida unha boa nova xa que supón un confito ao longo do curso porque hai familias que non saben se lla van a dar e non poden permitirse pagar o comedor mentras tanto. Por outra banda, o servizo de comedor hai que pagarllo ás empresas e as ANPAS non teñen capacidade económica como para asumir ese coste. Así que para normalizar esta situación, sería moi bo que as bolsas se resolvesen o antes posible. O Presidente di que está bastante encamiñada a cousa e que pensan que se pode adiantar e que o ano que vén se inicie o curso co tema resolto. Pilar Álvarez comenta que a convocatoria das bolsas este ano saiu moi tarde, cando xa non era periodo lectivo, o que fixo que a comunicación coas familias fora máis complicada. Di que se sae antes a convocatoria eles desde os centros poden darlle difusión a través do alumnado. Pedro explica que iso debeuse ao proceso electoral, xa que normalmente a convocatoria se lanza antes.

Rematada a exposición do informe, Purificación Bernardez pregunta cando se prevé que se abra a escola infantil que está a construír a Fundación Amancio Ortega e se vai saír a concurso público como as outras. O secretario explica que está previsto que entre en funcionamento no curso 2020-2021 e que o proceso para a súa xestión será igual que no resto das escolas infantís municipais, un concurso público. María Jesús Granja pregunta se hai datos dos nenos e nenas que quedan sen praza. Pedro explica que hai lista de agarda, e que as Escolas que máis demanda teñen son a de Navia, Bouzas e Santa Cristina. Di que se está traballando nun posible plan para ampliar as prazas nas escolas, tratar de optimizalas. O Presidente di que pediron un informe técnico para ver que escolas infantís teñen posibilidade de medrar, na mesma escola. A idea é poder ofertar o maior número de prazas. Yolanda pregunta se non se podería acortar o horario que é obrigatorio ter aos nenos nas escolas, porque ao mellor esas 204 prazas que sobran pola tarde poderían cubrirse se se ofrece a posibilidade de asistir menos horas, dúas horas por exemplo, xa que moitos pais os levarían a primeira hora da tarde, pero non os queren ter no inverno ata as 20:00h. O Secretario explica que hai unha normativa que esixe que o horario mínimo sexan 4 horas e 8 horas o máximo, e que isto vén marcado pola Administración Autonómica.

4.- Propostas de mocións.

1.- Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación e construción do IES Navia.

ANTECEDENTES:

O Consello Escolar de Vigo desexa reiterar unha vez máis a necesidade de acometer un proceso **público e participativo** de reforma e actualización da **zonificación** escolar do concello de Vigo. Esta tarefa é responsabilidade da Xefatura Territorial da Consellaría de Educación que, ademais, ten a obriga de oír a este Consello, órgano de representación e participación da comunidade educativa, para calquera actuación que afecte ás adscricións e áreas de influencia dos centros escolares (orde 12/03/2013 de admisión, art. 3 e 8).

Pois ben, a Xefatura Territorial, despois de anunciar en 2017 unha nova zonificación e lonxe de abrir ese proceso de diálogo, realiza modificacións, irregulares nunha administración pública, como a readscrición do alumnado de Navia ao instituto Valadares. A nova delimitación de zonas educativas, as adscricións dos centros e a dotación de

recursos como o transporte e comedor deben **potenciar a ocupación e aproveitamento** dos centros públicos, deficientemente distribuídos na cidade.

Por outra banda, mais como parte da mesma cuestión, a Consellaría fecha unidades e centros públicos nunha axenda de redución progresiva do ensino público na cidade da que, en tempos electorais, sae á luz a necesidade dun **instituto en Navia**, cun polígono residencial de 10.000 habitantes, con ampliación prevista de 1600 vivendas e con reserva de 10.000 m² de chan para uso educativo. Esta poboación ten dereito e demanda suficiente para un centro de ensino secundario, con etapas obrigatoria e postobrigatoria. Cómpre que as administracións educativas utilicen todos os medios para acadar dita finalidade.

TEXTO:

O Pleno do CEMV resolve:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Educación e a súa Xefatura Territorial, a acometer un proceso participativo e dialogado para unha axeitada **zonificación escolar** no concello de Vigo.
 2. Instar á Consellaría de Educación e ao Concello de Vigo a desenvolver todas as súas capacidades de actuación para que a Xunta de Galicia materialice a efectiva **potenciación do ensino público** en Vigo, incluída creación dun **instituto de ensino secundario en Navia**
-

Pilar Álvarez manifesta que non está segura, se non hai un estudio previo, de se a día de hoxe fai falta construír un IES novo en Navia cando hai centros nos que segue habendo prazas sen cubrir. Di que se basea no que pasou en Ed. Primaria, onde se fixo un colexio en Navia e foi “vestir un santo para desvestir outros”. Os centros dos arredores que tiñan moito alumnado agora ven como cae a matrícula e isto pode chegar a ter consecuencias. Di que incluso a escola de Navia foi proxectada para ter tres unidades e polo de agora so ten dúas abertas. Pensa que se abran a terceira morrerían os centros do arredor. Extrapolando isto a secundaria, hai moitos institutos que agora se ven beneficiados dese alumnado que vai desde Navia, xa que incrementaron a matrícula e antes tiñan poucos alumnos. Pilar Álvarez di que para ela sería necesario que se fixera un estudo serio para ver se era necesaria a construción deste novo IES. Bertila explica que xa se estudou no grupo de zonificación, no que as direccións decidiron non estar, e que se fixo de xeito serio e rigoroso, participando toda a comunidade educativa, e que a necesidade dese novo IES é clara. Santiago Rodríguez comenta que o que pasa en primaria non se pode

extrapolar a secundaria. Di que se trata dun grupo de poboación que é un dos de maior densidade de todo o estado español, e que tendo todos estes datos poboacionais e tendo esa reserva de chan educativo parece claro que é necesario construír ese novo IES. Di que ademais, tanto a administración local como a autonómica, teñen falado nos últimos tempos da necesidade deste novo centro, pero que á hora da verdade non se concretan as accións para levalo a cabo. E sobre isto, gustaríalle preguntar ao Concelleiro que actuacións se están facendo a nivel institucional, desde que a finais do curso pasado houbera aquelas declaracións en prensa cruzadas entre as dúas administracións. Gustaríalle saber se houbo algo máis que o que se está vendo nos medios de comunicación, se a administración autonómica fixo algunha petición formal ou se, de non ser así, o Concello tomou algunha iniciativa para chegar a un acordo. Antonio Vázquez di que os datos falan por si sos. Navia vai ter unha poboación que está por enriba do 80% dos municipios que hai en Galicia, e na maioría destes hai un IES. Fálase de 10.000 habitantes e está prevista dunha ampliación dunhas 1.500 vivendas a medio prazo. Ademais, ao longo dos últimos anos viuse como lle afectou este incremento de poboación aos IES de Coia, sobre todo o Alexandre Bóveda que pasou de liña 3 a liña 7 en 1º da ESO, o que supuxo facer aulas de lugares que non son idóneos para dar clase e que non estaban ben vistos nin polo Claustro nin polo Consello Escolar do centro. Ademais hai un grupo de alumnos de bacharelato que non tiveron praza nos IES de Coia e, vivindo en Navia, están escolarizados no IES de Teis ou no IES da Guía. Pensa que todas estas son razóns máis que suficientes para que se faga este instituto en Navia. Por outra banda, lembra que o PP en campaña electoral, 4 anos atrás, prometeulle publicamente a un grupo de nais que se construíría de xeito inmediato este centro. Agora terían que explicar porque daquela vían necesario que se construíra e agora non o ven. E cara ao futuro, se o alumnado que está cursando 6º de Primaria en Navia non ten un instituto na zona vai ter que desprazarse a Valadares pero resulta que o alumnado de Bacharelato non ten garantido o transporte escolar gratuíto, de feito xa hai alumnos cursando en Valadares que non teñen praza no transporte escolar. Antonio Vázquez pensa que o menos que debería facer a administración autonómica é explicar a situación á cidadanía e darlle unha saída viable a este alumnado, cousa que se houbera resolto cunha zonificación que se leva 6 anos agardando. Lembra que levan ademais agardando máis de 2 anos por un borrador que está a espera duns supostos estudos e que non dá chegado. Bertila, con respecto ao dito por Antonio, di que ela estaba nese grupo de nais ás que o Conselleiro naquel momento lles dixo que xa estaba en marcha o IES para Navia e que nunca se fixo.

E con respecto á zonificación di que non se sabe se se está facendo algo ou nada, e informa de que tiveron un mes e medio atrás unha xuntanza con Corina Porro na que esta lles prometeu que ela mesma ía a liderar un grupo de traballo na Xunta sobre zonificación no que estivera representada toda a comunidade educativa, xa que Vigo se merecía esta zonificación, pero que nunca máis contactaron con eles. Bertila pensa ademais que o feito de que non estea ninguén nese Pleno representando á administración educativa é unha falta de respecto á toda a comunidade educativa de Vigo. O Secretario con respecto a isto explica que Antonio Estévez informou con tempo e polos cauces establecidos de que non podería asistir á xuntanza por problemas de axenda. O Presidente comenta que a postura municipal con respecto a este tema é moi clara, sen instituto non hai PAU de Navia. A necesidade dun instituto nesta zona de Vigo é clara e o Concello considera que é unha infraestrutura prioritaria no desenvolvemento do PAU de Navia, polo que se insta á Xunta de Galicia a que asine un convenio e a que inclúa nos orzamentos unha partida para acometer esta obra. O que non pode é pasar o mesmo que o que sucedeu co centro de saúde de Bouzas, para o que o Concello cedeu o terreo e se levan 12 anos esperando para que o constrúan. Santiago di que iso xa o viron na prensa pero o que queren saber agora é, se máis alá disto, houbo algún tipo de movemento por parte dunha administración ou da outra para achegar posturas. E dicir, se a Xunta non dá o paso de solicitar o terreo e de redactar o convenio, que sexa o Concello o que dea un paso adiante na redacción deste convenio. Di que por iso piden na moción ás dúas administracións que desenvolvan todas as súas capacidades de actuación para que o instituto sexa unha realidade. O Presidente comenta que estivo falando precisamente deste tema coa Concelleira de Urbanismo e si que hai contactos entre a Xunta e esta Concellería, pero que a posición do Concello é clara, todo ten que pasar por asinar un convenio e por que inclúan unha partida dedicada á construción deste edificio nos orzamentos. Cristina López di que na moción se insta ás dúas administracións e por iso lle preguntan que pasos pode dar o Concello para que se chegue a ese convenio. Santiago di que o Concello non pode limitarse a falar a través da prensa, ten que tomar a iniciativa se a Xunta non o fai. Gorka explica que o paso é instar á Xunta a que faga ese convenio, e que niso se está. Jose Manuel Rodríguez pregunta se habería forma de saber que matrícula teñen os institutos da cidade, porque así poden ver se en realidade a necesidade é tan apremiante. Cristina comenta que no curso anterior acudiu a ANPA do Alexandre Bóveda a falar precisamente a este Pleno para explicar a situación que estaban vivindo, masificación nas aulas, estrés por parte do profesorado, manifestacións por parte da comunidade educativa,...Antonio

comenta que precisamente nese centro tiveron que renunciar a unha aula de novas tecnoloxías e outra de idiomas para meter ao alumnado da ESO. Santiago di que o traslado dos alumnos ao IES de Valadares foi porque non había prazas nin no Alexandre Bóveda nin nos outros centros da zona, e independentemente de que todos estes centros estean ocupados, o crecemento que está habendo e o que se espera para a parroquia de Navia fai que estea máis que xustificada a construción do IES de Navia.

Rematado o debate, secretario chama a votar a moción.

Acordo

Acórdase aprobar a moción sobre a necesidade dunha nova proposta de zonificación e construción do IES en Navia con 12 votos a favor e 2 abstención

2. Moción de Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a accesibilidade aos centros educativos CEIP Carrasqueira e IES Coruxo.

ANTECEDENTES

A situación do acceso ao IES Coruxo é complicada. Ademais de ter un camiño estreito, aparcan os coches en zonas con sinais de prohibido estacionar o que dificulta moitísimo o acceso dos pais que van levar aos seus fillos ao instituto. A isto hai que sumarlle que enfrente do IES está o CEIP Carrasqueira. Acceden 7 autobuses escolares ao IES Coruxo e 5 autobuses ao Ceip Carrasqueira.

TEXTO

A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa insta ao Concello de Vigo a que mellore a accesibilidade aos centros educativos CEIP Carrasqueira e IES Coruxo.

Pilar Álvarez comenta que os accesos xa son bastante estreitos por si mesmos, pero que se complica porque os dous centros teñen transporte escolar e as familias van a recoller os seus fillos. Di que se xunta moito tráfico para esa rúa, formándose un atasco, e que diante dos centros non hai onde dar a volta. Lembra que en tempos se falou de facer un acceso ao IES por outro lado e parece que habería posibilidade pero que por agora iso está parado. Pensa que unha posible solución sería usar as zonas que están diante dalgunhas casas como zonas de aparcamento ou como zonas para parar

momentaneamente e permitir o paso dos coches, para favorecer a circulación. Di que se refire a pequenas tiras que pensa que son froito do retranqueo que quedan diante dalgunhas casas e que foron cedidos ao Concello cando estas se fixeron. Ese terreo a día de hoxe pensa que é municipal e podería usarse. Di que a maiores hai un problema grave cunha zona de contenedores de lixo, no que se fixo costume tirar todo tipo de lixo fóra deles, somieres, colchóns, mobles vellos, restos de poda... Converteuse nun vertedoiro e todo este lixo invade a rúa co cal o acceso é aínda máis complicado. Ademais en toda esta zona están aparecendo ratas e todo tipo de bichos, e é unha zona pola que moitas familias pasan andando. Di que ela mesma chamou ao 010 unhas 25 veces para denunciar a situación e que ao día seguinte a recollen pero aos dous días volve a estar igual. Comenta que agora ata os propios veciños puxeron carteis pedindo que se respecte o uso dos contenedores. Con esta moción o que lle piden ao Concello é que busquen unha solución porque seguro que algún arranxo terán. Antonio di que animaría a que se fixera unha obra para acceder aos Centros, pensa que é un esforzo que é necesario facer por moi complexo que sexa. É unha maneira de dignificar aos centros públicos. Pilar Domínguez pregunta se non sería posible facer o acceso ao IES polo Camiño do Couto, que pensa que era como estaba proxectado en inicio. Di que se se separan os accesos do IES e do Colexio que xa melloraría o tráfico. Gorka comenta que a situación neste centro si que é complexa pero que darán traslado do problema ao servizo municipal competente para estudar se existe unha alternativa viable. O secretario chama a votar a moción.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre a accesibilidade aos centros educativos CEIP Carrasqueira e IES Coruxo.

3. Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as instalacións do comedor do CEIP Balaídos

ANTECEDENTES:

Os comedores escolares son un servizo complementario que facilita a conciliación da vida laboral e familiar que desempeñan unha función nutricional e educativa

importante, contribuíndo á adquisición de hábitos alimentarios e sendo marco de socialización e convivencia.

En Vigo hai 25 comedores que forman parte da rede de comedores de FOANPAS, sendo un deles o do CEIP Balaídos. En xeral, cada vez é maior o número de nenos e nenas usuarias deste servizo, demanda impulsada por novas realidades sociais, familiares e laborais.

Neste curso escolar, a situación é desbordante para a ANPA e a dirección deste centro educativo, non podendo facer fronte á demanda existente de prazas pola falta de espazo. A evolución do número de comensais nos últimos cursos é a seguinte:

CURSO	Nº DE COMENSAIS
16/17	165 – 185
17/18	180 - 200
18/19	185 – 200 + LISTA DE AGARDA

A grande diferenza está en que, no curso actual, teñen lista de agarda con nenos e nenas que precisan o servizo, pero non poden facer uso del.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Administración Educativa que amplíe as instalacións do comedor do CEIP Balaídos.

O Presidente explica que xa estivo reunido no mes de xuño coa dirección do centro e estiveron falando deste problema. A necesidade de ampliación deste comedor é clara, pero si é certo que a solución é complexa. A dirección contaba con que cando se reformaran as pistas de Balaídos, obra que se comprometeu a facer a Xunta, se podía incluír esta obra de ampliación. O certo é que a Xunta nunca acometeu esta obra nin hai visos de que o vaia facer. Di que desde o Concello, sen ser competencia deles, están vendo como axudar e buscando alternativas, pero o certo é que a ubicación do centro fai que se complique esta ampliación. Pola parte de atrás limita co río Lagares, o que imposibilita a ampliación e cara o outro lado teñen as pistas de atletismo que tamén impide a ampliación. Explica que incluso se falou de pór un módulo anexo pero isto suporía quitar espazo de patio. Comenta que seguen a darlle voltas a ver cal é a

mellor opción, e está claro que a clave podería estar no momento no que se resolvan as pistas de atletismo, pero que mentres tanto seguirán pensando nunha alternativa posible. Bertila recalca que a necesidade é evidente e que nos tempos que corren se converteu nun servizo indispensable para as familias. Di que non é so neste centro, que en moitos da cidade se están facendo xa dúas quendas e nalgúns se plantexan unha terceira, cousa que non consideran moi axeitada. Gorka di que a maior parte dos centros educativos da cidade teñen sobre 40 anos e que as necesidades familiares de conciliación que había daquela e as de hoxe en día mudaron moito. A incorporación da muller ao mercado laboral, fixo que este servizo e o das aulas matinais sexa indispensable. A demanda aumentou pero os espazos son os que son, e nalgúns pode facerse ampliación pero noutros como é o caso do CEIP Balaídos, a súa ubicación faina complicada. Yolanda comenta se non sería viable que, mentres non se fai esta ampliación, se fixeran máis quendas de comidas. María Jesús comenta que teñen unha quenda flexible, primeiro entran os de infantil, e logo vanse incorporando os outros. Bertila di que facerlles comer aos nenos ás 15:00h sería un pouco duro. Yolanda comenta que na concertada teñen en moitos centros tres quendas e que algúns rapaces teñen que comer ás 15:00h., di que ao mellor é unha solución momentánea mentres non se amplía o espazo do comedor. O secretario chama a votación.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre as instalacións do comedor do CEIP Balaídos

4. Moción de Foanpas a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre os recortes no ensino público e as ratios nos centros educativos.

ANTECEDENTES:

A administración e política en materia de Educación da Xunta de Galicia está provocando o debilitamento da escola pública a través dunha chea de recortes que se reflicten en Vigo nos peches de centros dos últimos cursos: EEI O Nogal, Colexio da antiga CAV, EEI rúa Palencia, EEI de Zamáns; na redución de, por un lado, de unidades e docentes,

agrupando alumnado de diferentes idades, e, por outro, no mantemento de ratios con vinte e cinco nenas e nenos en infantil e primaria, con trinta en secundaria, dezaoto/trinta en xeral na formación profesional, trinta e cinco no bacharelato, sen computar o alumnado que repite curso.

Se se suman a insuficiente oferta de Formación Profesional e das ensinanzas denominadas especiais (conservatorios, idiomas, artísticas), a rede de escolas infantís, as unidades concertadas e a falta de centros públicos nas zonas máis poboadas, a negativa á actualización da zonificación e a adaptación ás necesidades actuais da poboación canto a centros, recursos e servizos (transporte, comedores, instalacións, accesibilidade) e entenderase o estado da educación nos niveis non universitarios no concello de Vigo. Sen esquecer as repercusións das leis educativas en vigor.

Necesítase unha administración educativa que planifique e ordene un servizo público fundamental en beneficio das persoas e da sociedade, que integre ambos elementos desde a calidade educativa e a inclusión, a personalización e a atención individualizada, a igualdade de oportunidades e o fomento das potencialidades, mediante a dotación dos recursos necesarios.

Neste recente comezado curso 2019/20, unha alta porcentaxe de centros públicos no concello de Vigo reclamaron por necesidades de profesorado, persoal coidador e/ou administrativo, e hai necesidade de obras de construción, ampliación e adaptación en diversos centros escolares, así como de dotación de servizos complementarios básicos como transporte, comedor e atención matinal.

TEXTO:

Polo exposto, o Pleno do CEMV de Vigo solicítalle á Consellaría de Educación:

- A reordenación do sistema mediante actuacións normativas e orzamentos que inclúan a redución das ratios (incluíndo ao alumnado repetidor) e os concertos.
 - A dotación suficiente de persoal docente, administrativo e coidador.
 - A dotación suficiente de ensinanzas e centros públicos e adaptación/ampliación dos existentes.
 - A dotación dunhas redes de transporte e servizos complementarios que reequilibren o sistema
-

Jose Manuel Rodríguez di que non pode estar de acordo con esta moción, en concreto coa petición que se fai de que se diminúan os concertos. Lembra que os centros concertados realizan a mesma función que os públicos e son os pais os que escollen este

tipo de centro. Comenta que cando a eles lles reduce o alumnado tamén se lle cerran as unidades. Ao seu modo de ver, a solución non é reducir os concertos. Rafael Lestón di que tampouco poden estar de acordo coa moción xustamente por este punto, pensa que pedir a redución dos concertos non é admisible. Di que os centros concertados son centros igualmente sostidos con fondos públicos e que a elección de centro depende dos pais. Non pensa que se teña que atacar á concertada para defender á pública. Cristina López di que a realidade é que nos últimos anos están pechando moitas unidades nos centros públicos mentres aumentan nos concertados. Jose Manuel pensa que iso non é certo xa que en Vigo hai moitos centros concertados nos que se reduciron unidades. Cristina di que está falando dos datos que hai en xeral, e que de feito en setembro saíu unha noticia dicindo que as prazas do ensino concertado en Galicia superaron con creces as do ensino público. Jose Manuel insiste en que en Vigo máis do 50% das prazas son públicas, pero máis do 50% do alumnado está na concertada, pero iso é unha elección dos pais. Santiago pensa que o que non pode ser é que unha administración pública estea pagando con diñeiro público, de todos, determinados postos en centros cando ten na súa propia rede de centros problemas de profesorado. Non se está indo en contra dos centros privados concertados, que se reduzan os concertos non implica que o centro privado non poida seguir mantendo a ese profesorado. Jose Manuel insiste en que a administración subvenciona a diferentes centros dándolles a posibilidade ás familias de que poidan escoller, e así garántese a liberdade de elección de centro, tal e como recollen a Constitución e a Declaración de dereitos Humanos, o ensino en primaria e secundaria debe ser gratuíto. E sen ten que selo, o Estado ten que comprometerse a que o sexa. Santiago di que para que isto sexa así non é necesario que se concerta, xa que na propia cidade hai centros públicos que están case baleiros. As familias poderían seguir tendo ensino gratuíto e cubrir esas prazas. Bertila di que a realidade que vive ela en Foanpas tódolos días é a cantidade de nais e pais que van pola sede trasladándolles a precariedade que están a vivir os seus fillos e fillas nos centros educativos públicos, recorte tras recorte, o que supón un maltrato institucional descarado contra as nenas e nenos da escola pública. Lembra que cando apareceu en escena a LOMCE e tiñan charlas cos sindicatos, desde Foanpas xa dicían que esta lei estaba moi ben para os obxectivos que perseguía, pero que tiña un defecto que era que lle faltaba un artigo que dixera esta lei irá acompañada da implantación de fornos crematorios nos centros públicos. Di que agora o ben con perspectiva e que fixeron unha lectura equivocada, porque si estaba prevista a instalación deses fornos crematorios, e fórono facendo todo

este tempo e ségueno facendo porque instaloron pezas. Cada vez que un inspector ou inspectora ía por un centro público estaba deixando pezas e agora estanlle dando aos botóns. Din que non hai cartos e estanse cargando descaradamente a escola pública. Antonio Vázquez comeza a intervención dicindo que non vai a entrar no debate xa que sabe que neste foro isto xa se debateu moitas veces cun resultado estéril, polo que só vai dar datos concretos. Entre o 2009 e a actualidade, segundo a información da prensa, o ensino público ten 1200 profesores menos. Entre a xornada docente que tiña o profesorado da pública no ano 2019 e a actual, hai unha diferenza horaria xa que na actualidade se dan máis horas de clase. E podería seguir dando datos, e todos eles levarían a concluír que o ensino público está sendo atacado e o normal é que o defendamos, e que pidamos que sexa de calidade. Por outro lado, di que se fixeron afirmacións que non son totalmente certas. Un estado ten a obriga de escolarizar a toda a poboación pero en ningún sitio se di que teña que ser en centros privados, públicos ou concertados. E en canto á liberdade de elección por parte dos pais, iso é unha entelequia ideolóxica argumentada pola dereita deste país. Di que son outros os que manteñen outra maneira de ver o ensino e di que van seguir plantexando estas cuestións, co cal cree que é mellor votar a moción e deixar o debate porque está seguro que non van chegar a un acordo nunca neste punto. Rafael di que a defensa do ensino público, e das súas necesidades, non ten porque implicar nunca un ataque ao ensino concertado ou privado. E esta moción, tal e coma está redactada, pide que se reduzan os concertos, e isto é atacar claramente ao ensino concertado. E isto é atacar á liberdade de elección dos pais, recollida no artigo 27 da Constitución. Jose Manuel lembra que tanto o ensino público coma o concertado se dedican ao mesmo, e o que hai é que loitar por un ensino de calidade en ambos escenarios. Di que por matizar o tema do gasto que supón para o estado a educación concertada, di que é de 1,4 profesores por unidade concertada e uns gastos varios de setenta e pico mil euros ao ano. Di que supón un gasto moito menor do que se inviste no ensino público, e pensa que oxalá neste se invista moitísimo máis, todo o que se precise, e que tamén se invista todo o necesario na concertada. Así o ensino será de calidade nos dous ámbitos. Pensa que non se trata de quitarlles a uns para dállelo aos outros, a idea é que a Administración invista máis na educación en xeral. Antonio Vázquez pide a palabra para citar o artigo 27 da Constitución: “Todos teñen dereito á educación. Se recoñece a liberdade de ensinanza. A educación terá por obxeto o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o respecto aos principios democráticos de convivencia, aos dereitos e liberdades fundamentais”. Antonio Vázquez di

que este artigo non di nada da liberdade de elección dos pais. Jose Manuel responde citando o artigo 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos “Os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos”. O Presidente comenta que chegado este punto é mellor votar a moción xa que o debate estase volvendo estéril. Yolanda pregunta se non habería posibilidade de sacar esa última frase na que se fala de reducir concertos, xa que é o punto de discrepancias, pero as representantes de Foanpas, que é quen propón a moción, prefiren mantelo xa que é o que defenden. Santiago di que cando se fala de ataques, están os feitos, e o feito é que o ensino público se está reducindo claramente, non é que haxa alguén que o estea atacando verbalmente, e aínda que aquí se poida interpretar que se está atacando os concertos, simplemente se está pedindo unha redución, xa que está habendo unha redución clarísima nos centros públicos. O normal é que se reduza tamén na concertada, e non só na pública. E pedir a redución dos concertos non é máis que un tema de eficiencia económica da Administración, non pretende atacar nin ao alumnado, nin ao profesorado nin aos centros concertados. Purificación Bernardez comenta que ela é traballadora da concertada, pero que defende o ensino público igual que o concertado, e que cada ano, cando saen os concertos os estuda a fondo. Di que pode asegurar que este ano na concertada non se reduciu nada e si que se reduciu na pública, e isto son evidencias que non se poden negar. Anos atrás reducíronse algunhas unidades en concertados en Cangas, no Amor de Dios,... pero este ano na Comarca de Vigo non se reduciu nada. O secretario solicita que se vote a moción.

Acordo

Acórdase aprobar a moción sobre os recortes no ensino público e as ratios nos centros educativos con 10 votos a favor e 4 votos en contra.

Abandonan a sala María Jesús Granja, Antonio Vázquez e Pilar Domínguez ás 19:37

5. Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a proliferación de casas de apostas.

ANTECEDENTES:

Os menores de 12 a 17 anos de Galicia xogan a xogos de azar; o 23,5% teñen apostado diñeiro nalgún xogo de azar; entre 400 e 500 menores de idade de Galicia son ludópatas;

entre 2000 e 2500 presentan un nivel de xogo patolóxico; en 8 de cada 10 casos non se lles pide o DNI. Estes son os resultados dun estudo realizado pola Universidade de Santiago de Compostela, dirixido polo Doutor en Psicoloxía Social, Antonio Rial Boubeta. As apostas normalizáronse como unha forma de ocio máis dos/as nosos/as rapaces/zas, esta é a realidade, polo tanto, estamos ante un problema social e de saúde pública. É ilegal que un/ha menor aposte en xogos de azar, pero o auxe desta actividade, impulsado pola proliferación nas localidades galegas de establecementos especializados (en Vigo 22 locais) e de máquinas de apostas deportivas nos bares, fai que cada vez sexa máis fácil acceder.

A súa ubicación, habitualmente preto de centros educativos, a voraz publicidade (a calquera hora e utilizando personaxes públicas como gancho – Carlos Sobera, Jorge Javier Vázquez, Cristiano Ronaldo, etc.) e as facilidades tecnolóxicas (acceso online as 24h do día), fan do xogo de azar e das apostas un grande atractivo para a infancia e a xuventude. A isto tamén contribúe unha lexislación obsoleta e nada actualizada (lei de 1985).

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Administración competente:

- Que actualice a normativa que regula o xogo.
- Que se esixa unha distancia mínima entre os locais e os centros escolares ou espazos destinados á infancia e xuventude (como os parques infantís).
- Que se suprima a publicidade.
- Que estableza un control máis estrito do acceso de menores a estes locais e ás máquinas instaladas nos bares.
- Que se implante un programa de prevención do xogo nas escolas e se articulen unidades asistenciais especializadas.

Bertila explica que este tema lles preocupa moito xa que está causando verdadeiros estragos, hai menores con problemas de adiccións, absentismo, baixo rendimento escolar,... Trátase dunha lacra que hai que erradicar. Santiago pregunta como se pode incidir desde o Concello nesta problemática, se teñen algún mecanismo. Gorka pensa que solucionar isto é un traballo de toda a comunidade educativa, e que os pais e nais teñen un papel fundamental, ao igual que o profesorado. Di que a el persoalmente é un tema que lle preocupa moito e pensa que desde as administracións teñen a obriga de actuar.

Informa de que ten a intención de que desde o Concello, durante esta lexislatura, se elabore algún programa para o alumnado e enlazalo co problema que supón o xogo online, o uso responsable das redes sociais, o uso do móbil,... Jose Manuel felicita a Foanpas pola moción e di que ao mellor, o das adiccións, é un tema que se debe abordar nos centros cos escolares. Pensa que sería conveniente facer un estudo sobre as adiccións en xeral para poder ver ao que se están enfrontando, xa que o problema é grave. Gorka di que ten claro que é un tema no que teñen que actuar, e que é algo de responsabilidade global. Pensa que institucións, administración, familias,... deben ir da man, e pon o exemplo dun clube deportivo de baloncesto feminino que acaba de rexeitar un bo diñeiro que lle ofrecía unha casa de apostas por pór o seu nome na camiseta. Di que hai que tomar este exemplo e facer fronte desde tódolos ámbitos. Desde a Administración competente terase que lexislar para prohibir os anuncios de casas de apostas e xogo online a determinadas horas, prohibilo nos clubes deportivos que teñen que fomentar outros valores,... en definitiva, é un traballo de todos e todas. Bertila di que está de acordo que neste caso as familias teñen un papel moi importante e polo tanto teñen que traballar moito nisto. Suxire que de cara a que se nomee unha nova Comisión Pedagóxica, igual que se traballou co deporte e a convivencia, se traballe con temas de redes sociais e xogo online. Procédese a votar a moción.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre a proliferación de casas de apostas

6. Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade dun coidador/a no CEIP Carrasqueira.

ANTECEDENTES:

No CEIP Carrasqueira hai asignada unha ATE (Asistente Técnico Educativo ou coidadora) para atender as necesidades dun neno NEAE. Ademais, fai apoios puntuais a outras dúas crianzas cando o precisan, xa que existe unha boa coordinación co equipo docente.

Estas tres crianzas precisan de atención personalizada e individualizada no horario de comedor, posto que aínda lles falta autonomía e autocontrol ante as emocións e os

estímulos. Así, esta coidadora, no tempo de comedor, recibía o apoio doutro ATE, que só acudía ao comedor escolar.

O curso pasado comezou con normalidade, pero a finais do primeiro trimestre foille retirado o apoio deste segundo ATE. Este coidador compartía o seu horario entre o CEIP Carrasqueira (comedor) e o IES Alexandre Bóveda (durante a mañá). Desafortunadamente, o rapaz ao que asistía no IES faleceu en decembro e a reacción da Consellería foi retiralo do tempo de comedor no CEIP Carrasqueira.

Tralas protestas da comunidade educativa, unha persoa do EOE acudiu ao centro para ditaminar informe das necesidades destas crianzas, observando durante un tempo escaso aos cativos na súa aula, non quedando ao comedor, momento no que se presentan as necesidades.

Así, dende principios de xaneiro, as instrucións dadas pola Administración é que a coidadora atenda a dúas crianzas, obviando as necesidades da terceira. Dada a realidade, a coidadora si está a atender aos tres cativos, algo que lle está a resultar inviable e que provoca que a situación sexa insostible e que ela se vexa sobrepasada.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Consellaría de Educación:

- **Que se faga un estudo serio e rigoroso das necesidades reais, observando ás crianzas tanto na aula, como no comedor.**
- **Que asigne, de novo, un reforzo dun/ha ATE para o tempo de comedor do CEIP Carrasqueira, tal e como tiña durante o primeiro trimestre e o curso 17/18.**

Jose Manuel di que con respecto ao EOE, que el no seu centro a experiencia que ten é moi positiva, que a eles sempre que acudiron ao centro, os orientaron e os axudaron. Bertila di que o que está sucedendo é moi grave, que as conversas que teñen a diario con familias son espeluznantes. O alumnado NEAE está sendo maltratado pola administración. Santiago di que este tema o levaron no curso pasado á xefatura territorial na Xunta de Persoal e a propia xefatura recoñece que os medios persoais que ten o EOE non chegan para atender as necesidades que hai. Sométese a votación esta moción.

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a moción sobre a necesidade dun coidador/a no CEIP Carrasqueira

7. Moción de Foanpas a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre elección da asignatura de relixión católica en Bacharelato.

ANTECEDENTES:

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia determina que en 1º de Bacharelato a Relixión é unha materia específica. Dito decreto establece como necesario que o alumnado curse dúas materias específicas para poder titular. Son os centros educativos os que establecen a oferta de materias, escollendo entre as posibles que establece o Decreto 86/2015.

En moitos IES galegos, as combinacións que se ofertan, obrigan a escoller a materia de relixión católica se o alumnado quere cursar outras materias que si quere escoller, como Robótica, Antropoloxía ou Coeducación para o século XXI, xa que a distribución da carga horaria para poder titular obriga ao alumnado a esta escolla.

Isto conculca o establecido nos artigos 14 e 16 da Constitución, sendo unha clara imposición e vulnerando a liberdade relixiosa e a liberdade de culto, impondo aos pais, ás nais e ao alumnado que non practiquen a relixión católica a escolla da mesma.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Consellaría de Educación:

Que se modifique a normativa para que esta situación non se produza e se garanta o dereito constitucional á liberdade de ideoloxía, crenza, credo e culto de todo o alumnado de Bacharelato.

Jose Manuel di que nesta moción hai moitas imprecisións. Di que a relixión forma parte do bloque de específicas, das que poden escoller 2 ou 3 como máximo. Pero por exemplo a robótica ou as asignaturas de igualdade non está nese bloque, co cal non habería problema para escollelas. Di que para el a relixión católica é unha materia tan válida como outras e é máis, pensa que esta xunto coa filosofía son claves na sociedade actual. Di que ademais, a moción vai en contra dun valor que se conseguiu nos últimos anos nos centros, que é a autonomía de centro. Son os centros os que poden escoller as súas materias, mais alá das que son obrigatorias. Isto dálle moita riqueza ao sistema educativo. A materia de relixión non é obrigatoria no bacharelato, un alumno que non quere estudala non a estuda. Con esta moción atácase á asignatura de relixión e a autonomía de centro. Santiago explica que hai unha lei orgánica que permite, en base a esa autonomía dos

centros, que se dea a situación de que un alumnos para coller a materia de Robótica por exemplo, so lle quede a opción de completar con Relixión, aínda que non queiran, e iso ten que está pasando. Moitos centros non poden ofertar todo o que queiran, xa que a oferta está condicionada aos recursos persoais que teñen, e profesor de relixión sempre van ter nos centros, porque llo mandan dependendo do número de alumnos que escollen relixión na ESO. Aquí en ningún momento se está pedindo que non exista a materia de relixión católica, senón que se está pedindo que se asegure que o alumnado que non queira collela, non teña que collela obrigatoriamente por que non ten outra combinación posible. Jose Manuel di que iso sempre vai pasar, porque hai alumnos que se encontran con que teñen que escoller a materia de oratoria por exemplo porque é a única materia coa que poden combinar, aínda que en inicio non a collerían. Santiago explica que o caso non é para nada equiparable xa que a relixión católica ten que ver coas crenzas persoais de cada un e estamos nun estado laico e aconfesional que ten que garantir que cada un teñas as crenzas que queira, cousa que non pasa con ningunha outra materia. E lembra que o Tribunal Supremo acaba de sentenciar que un alumno, que estaba neste caso, ten a obriga de escoller relixión católica porque a LOMCE permite esa situación. O Presidente chama a votación.

Acordo

Acórdase aprobar a moción sobre elección da asignatura de relixión católica en Bacharelato con 9 votos a favor, 1 voto en contra e 1 abstención.

6.- Rogos e Preguntas

Santiago comenta que na Escola de Artes e Oficios está aberto un proceso para a contratación de 5 profesores ou profesoras. Di que este proceso se resolverá cando xa estean as clases comezadas e comenta que é unha situación que xa se deu máis veces, polo que preguntan se non se pode evitar esta situación. Gorca explícalle que este si era un tema recorrente pero que agora por fin poden solucionar. Di que por fin puideron incorporar na oferta de emprego público estas 5 prazas co cal estes van ser interinos e van ter estabilidade laboral. O que é certo é que o curso vai comezar con retraso por esta circunstancia, cousa da que xa se informou ao alumnado pero que agora vai ter unha solución definitiva. Santiago di que sendo interinos, nalgún momento se fará outra convocatoria e o que se roga é que se faga con tempo para que o alumnado non teña que

quedar sen clase.

Bertila pregunta polo muro do CEIP San Salvador, se saben como están as obras e Pedro explica que xa está rematada.

O Presidente agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:03.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz